

## RESUMO FAMILIAS

Ante a situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir, o noso IES vese forzado a adoptar unha serie de medidas para protexer á saúde de toda a comunidade educativa. Algunhas delas afectarán á propia organización do centro, que durante o curso actual vai ver alterados os seus horarios e espazos habituais. Agardamos a vosa colaboración e comprensión.

### MEDIDAS XERAIS PARA AS FAMILIAS

- **NON está permitida** a entrada dos proxenitores, titores ou acompañantes no centro educativo.
- O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias.
- Acudir cando sexan citados por persoal do centro cumprindo todas as medidas de prevención.

### MEDIDAS SANITARIAS FAMILIAS

Cada familia deberá comprometerse a:

- As familias deben asinar a “Declaración Responsable” (enviaremos modelo).
- Deben verificar cada mañá no seu domicilio que os alumnos non teñen síntomas da COVID-19 facendo a enquisa de Autoavaliación clínica do COVID.
- Non enviar o/a alumno/a ao centro se algún membro da familia é sospeitoso de ser positivo en COVID.
- De ter algún síntoma, NON poden acudir ao instituto: solicitarán consulta co Centro de Saúde e despois deberán comunicalo ao centro educativo
- Comunicar ao equipo COVID do centro os resultados das probas (chamando ao teléfono do **instituto 881867126**, ao de **dirección 881867123** ou ao de **secretaría 881867124**)

### MEDIDAS SANITARIAS ALUMNADO


- O alumnado deberá acudir ao centro **sempre con máscara. É obrigatorio traer unha de reposto.**
- Quitar a máscara dentro do recinto escolar será considerado unha **falta leve**, podendo a reiteración deste acto ser considerada **falta grave**.
- Gardar a distancia de seguridade.
- Lavar as mans con frecuencia.
- Atender sempre ás sinalizacións.
- Non compartir material propio.
- *KIT COVID : Máscara de reposto. Bolsa de tela ou caixa portamáscara. Panos desbotables*



## ENTRADA ALUMNADO

En canto aos espazos, o cambio máis importante refírese ás *portas de entrada*. Cada grupo terá unha porta de entrada e de saída asignada en función da localización da súa aula, e non poderá usar outra algunha salvo indicación do profesorado. As aulas están situadas nos mesmos lugares do curso anterior, salvo as de 1º e 3º ESO que intercambian os seus espazos.


No plano seguinte podeses ver a distribución de aulas e as portas que lles corresponderían a cada grupo:

- **P1:** Porta principal (alumnado de aulas do edificio novo) 3º ESO, 2º BAC e FPB1
- **P2:** Porta baixo esquerda: Alumnado de ciclo medio SMR e 2º ESO A e B
- **P3:** Porta baixo dereita: Alumnado de ciclo superior
- **P4:** Porta 1º piso esquerda : Alumnado de 1º ESO e 2º ESO C
- **P5:** Porta 1º piso dereita : Alumnado de 4º ESO , 1º BAC, FPB2





- COVID 19 - Entradas / saídas P1,2..
- Outros
- Aulas (56 m2) / Aulas materia
- Baños profesorado/alumnado
- Espazos profesorado/ departamentos
- Aulas e talleres ciclos



## RECREOS E ACCESO Á CAFETERÍA

Neste curso recuperamos os dous períodos de lecer tradicionais 10:25 a 10:45 e 12:25 a 12:45 pero o acceso á cafetería será restrinxido. No primeiro recreo poderán acceder os alumnos de 1º e 2º ESO e durante o segundo recreo o resto do alumnado.

## CALENDARIO DE COMENZO DO CURSO. PRESENTACIÓN

O día da presentación acudirán unicamente os grupos convocados, e non haberá transporte escolar. As clases comezarán con normalidade, para todos os grupos, o xoves 16.

As normas en detalle seranlles explicadas a cada grupo polos seus titores/as no día da presentación, que será no calendario seguinte:

- 15 de setembro, mércores:
  - 09:00 a 9:45 1º ESO
  - 09:45 a 10:30 2º ESO
  - 10:30 a 11:15 3º ESO
  - 11.15 a 12:00 4º ESO
  - 12:00 a 12:45 BACHARELATO
  - 12:45 a 13:30 CICLOS FP

O alumnado esperará no patio exterior, mantendo a distancia establecida, a ser chamado polo seu titor/a.

## MÁIS INFORMACIÓN

O documento **ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN - SEGUNDO O ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022** estará colgado na web do centro para que todas as familias podan consultar en detalle as diferentes medidas que se desenvolverán durante este curso.